

## VIVIR AQUÍ | SOCIEDAD | 61

### A homenaxe 'O escritor na súa terra' recae no lucense Agustín Fernández Paz

**AGN**

A CORUÑA. A homenaxe 'O Escritor na súa Terra', impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, decidiu onte que o protagonista deste ano sexa Agustín Fernández Paz e o acto terá lugar en Vilalba, onde naceu o autor.

Trátase da XV edición desta iniciativa, que conforma xa unha tradición na traxectoria da Aelg, e tense constituído ao longo de máis dunha década como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural.

**ANIMACIÓN.** Agustín Fernández Paz é narrador, ensaísta, profesor, pedagogo, sociolingüista e especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil, actividades todas dunha vida comprometida cos oficios de educar e escribir na lingua galega.

Autor de medio centenar de ficcións narrativas da máis variada fasquía, tecidas cos fíos da vida e da súa experiencia de lector e cinéfilo empedernido, en moitas delas evócanse as paisaxes da memoria da súa infancia chairega. Dende as súas novelas primeiras, aos seus libros de relatos revelou-se como un dos narradores que deixou máis fortes pegadas en milleiros de lectores de varias xeracións.